

Un catálogo de poetas consagrados

Iria Sobrino Freire

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SOBRINO FREIRE, IRIA (2011 [2005]). “Un catálogo de poetas consagrados”.
Grial: 168, 78-80. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/73>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SOBRINO FREIRE, IRIA (2005). “Un catálogo de poetas consagrados”. *Grial*:
168, 78-80.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

UN CATÁLOGO DE POETAS CONSAGRADOS

[RECENSIÓN DO LIBRO DE LUCIANO RODRÍGUEZ
POETAS GALEGOS DO SÉCULO XX, 2004]

Iria Sobrino Freire

A antoloxía preparada por Luciano Rodríguez para Espiral Maior reúne un conxunto de textos de trinta e oito poetas gale-[79]gos que deron a coñecer a súa produción literaria no século XX. O propósito do proxecto consiste, no dicir do propio Rodríguez, en “amosar liñas de continuidade que seguen a ser activas neste comezo do novo século”. Ao noso xuízo, a aposta por un paradigma de representación no que prima a continuidade é, precisamente, o aspecto máis salientábel desta escolma.

En efecto, a poesía do século XX preséntase aquí como unha cadea de elos uniformes, na que a penas existen elementos diverxentes; como un mundo libre de conflito, un coro no que as voces tenden ao unísono. Fenómenos deste tipo foron explicados polos construtivistas como resultado dunha *homoxeneización dos modelos de realidade*, proceso que ten lugar en todas as comunidades en virtude da socialización. Dentro dos sistemas literarios os textos historiográficos, entre os que se contan as antoloxías, contribúen en gran medida a esta homoxeneización, a través de relatos que minimizan a dimensión plural e contraditoria da realidade. No que atinxe a *Poetas galegos do século XX*, esta operación materialízase priorizando claramente certas liñas poética sobre as demais, algunhas delas minimamente representadas e outras ausentes por completo.

A obra canoniza un tipo de dicción maioritariamente neorromántica, acompañada por outras herdeiras da literatura grecolatina clásica, dos cancioneros galego-portugueses ou da lírica popular. Da vangarda só se nos mostra a histórica, nomeadamente a través da figura de Manuel Antonio, e o modernismo comparece máis no sentido hispánico do termo que no anglosaxón. Como consecuencia destas escollas, a lectura da antoloxía transmite a sensación de que a poesía galega do século pasado se mantivo practicamente impermeábel á (talvez) máis importante revolución da poesía e da arte modernas: a crise da(s) linguaxe(s). Os textos seleccionados poden falar, e falan con frecuencia, sobre un mundo ou sobre un eu en crise, pero rara vez se mostran eles mesmos como crise.

En canto ao xénero, tampouco se cuestionan os seus límites: nos poemas elixidos a lírica predomina claramente sobre a épica, pero non se nos ofrecen exemplos de hibridismo xenérico ou de dialoxismo. Con respecto á construción do xénero sexual no texto, á exploración de alternativas ás convencións (non só) poéticas, emerxe como unha illa Xohana Torres co seu “eu tamén navegar”, do que non atopamos ronsel daquela páxina en diante. Da mesma maneira, non se presentan apenas *desvíos* do canon lingüístico clásico, como a ironía ou o humor, e o coloquialismo só nos chega por medio da voz dun Manuel Rivas.

Esta opción enunciativa conleva, como é obvio, a exclusión de moitos nomes, en particular dos que se deron a coñecer na última década do século. No prólogo, Luciano Ro-

dríguez esboza unha proposta periodolóxica para a poesía do XX: a poesía de “entre séculos”, a poesía de vangarda, a poesía da xeración do 36, a poesía de posguerra e, por último, a poesía dos 80. O antólogo explica que a escolma parte dun proxecto anterior que non se chegara a publicar no seu momento, corrixido e aumentado:

Aproveitei moito do traballo feito hai vinte anos e decidínme a actualizalo e a incorporar autores que a comezos dos 80 estaban a botar a andar as súas propostas poéticas. Hoxe, eles, poetas na cuarentena e na cincuentena non só cumpriron anos senón que crearon unha obra que merece toda a consideración, e disto queda constancia na selección *Poetas Galegos do Século XX*.

Antoloxía, como avanza no título, de *poetas* antes que de *poemas* ou de *tendencias poéticas*, a mostra presenta 38 traxectorias individuais, ás que asigna tacitamente un valor de conxunto acabado, aínda que moitos dos poetas continúen en activo. A ausencia de nomes máis novos (o ano de nacemento dos últimos incluídos é 1958) ou de escritores que comezaron a publicar a partir de finais da década dos 80 fai da escolma un catálogo de poetas consagrados, no que non teñen cabida discordancias con respecto á *main stream* trazada. Chama a atención, nese sentido, que Rodríguez declare explicitamente no prólogo que un dos propósitos de toda antoloxía é “difundir non só o máis xeral, senón tamén o que permanece no ámbito da marxinalidade”. Por outra parte, tamén a escolla dos poemas dentro da produción de cada autor contribúe á uniformización do macrotexto. Repárese, por citar dous exemplos significativos, na exclusión do Cunqueiro surrealista ou da alegoría nacional do último Ferrín.

Se as denominadas literaturas emerxentes se definen, como quere Wlad Godzich, pola creación dunha escrita anticanónica, a galega, tal e como é representada en *Poetas galegos do século XX*, mal podería ser incluída neste grupo. A homoxeneización que neste caso se opera sobre o modelo de realidade liga a poesía galega a un canon occidental antigo. Esta tendencia xeral non obsta, naturalmente, para que en ocasións se ergan voces diverxentes; con todo, a lectura do conxunto minimiza o seu impacto. Ou sexa, o bosque non deixa ver as árbores. Neste sentido, a antoloxía [80] de Espiral Maior proxéctase, en certo modo, como un *déjà-vu*, cando hai xa bastantes anos que se respira o ar doutros planetas, cando as marxas xa ocuparon en moitos casos o centro.